



# Boletín Informativo do Concello



Nº: 42 ..... XANEIRO 2011

## *Axente Desenvolvemento Local*

**\*Axudas do IGAPE para o apoio financeiros aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiadas con Fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO).**

Beneficiarios: Autónomos e aquelas empresas que teñan a consideración de Microempresa Pequenas ou Medianas empresas (PEMES) que formalicen operacións de préstamo con cargo ás liñas do ICO por un importe igual ou superior a 25.000 Euros.

Prazo de presentación de solicitudes : ata o 21 de xaneiro de 2011.

DOG 230 - 30 /11 /2010

\*\*\*\*\*

## *Cultura e Deportes*

**\*CAMPIONATO DE TUTE:** No centro de maiores entre o 20 e o 31 de decembro. É o primeiro Campionato de Nadal de Tute. Nel poden participar todos os usuarios do centro de maiores ou que cumpran os requisitos para ser usuarios. A inscrición das parellas é gratuíta.

**\*CURSO DE GALEGO:** Todas aquelas persoas en realizar un curso de galego (CELGA) deben pasar polo Concello a apuntarse. Para poder levar a cabo o curso deberá haber un mínimo 20 persoas apuntadas antes do 15 de xaneiro.

**\*CANTAR DE REIS:** O concello de Boimorto un ano máis vai levar adiante este

Certame que ten como primeiro obxectivo o de conservar e promover a nosa tradición popular.

O Certame vaise celebrar o domingo 2 de xaneiro no pavillón municipal ás 16:30.

Contaremos con novas cuadrillas, ademais das de sempre, e destacamos a presenza dun grupo de Portugal. Durante o Certame poderemos ver un desfile de traxes tradicionais galegos, incluíndo o de Boimorto.

Haberá expositores de artesanía variada e churros con chocolate á venda.

Esperámosvos a todos/as ese día.

**\*CALBAGATA DE REIS:** Un ano máis os Reis Magos xa están de camiño a Boimorto e farán unha parada para ver e agasallar aos pequechos. Esperamos a súa chegada o 5 de xaneiro ás 18 horas. Haberá moitas sorpresas e actividades programadas para esa tarde, **NON FALTEDES.**

**\*EXCURSIÓN A XUVELUGO:** Temos previsto saír cos/as nenos/as a Xuvelugo, ocio, diversión e educación, onde poderemos xogar nas diferentes atraccións (camas elásticas, coches de choque, inchables, scalextric,...) ademais de realizar diferentes obradoiros e máis actividades.

A saída será o venres 7 de xaneiro e contaremos con 30 prazas a cubrir. Os nenos/as menores de 10 anos deberán ir acompañados en todo momento por un maior e todos deberán cubrir unha solicitude xa que o persoal non se responsabiliza de ningún asistente. O prazo para inscribirse remata o 3 de xaneiro e o prezo será de 8€.

Poderase levar merenda e bebida xa que hai zonas habilitadas para merendar.

Horario e lugar de saída: ás 15:30 do Campo do Rosario.

Horario previsto de chegada a Boimorto: ás 20:30.

**\*EXCURSIÓN A PISTA DE XEO DO COLISEUM:** o sábado 8 de xaneiro iremos a patinar a pista de xeo da Coruña. Os interesados teñen de prazo para formalizar a súa inscrición ata o día mércores 5 de xaneiro nas oficinas do concello. O prezo é de 9 euros que inclúe o aluguer dos patíns, dúas horas na pista e a viaxe ida e volta no autocar. O número máximo de inscritos é de 50 e para realizarse a excursión precísase un mínimo de 25 asistentes. Poderán anotarse tanto nenos coma adultos, pero os nenos menores de 8 anos deberán ir acompañados por un adulto.

**\*PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL:** un ano máis, o concello pon un marcha o programa de termalismo social. Consiste na visita a un balneario un día á semana para gozar das augas termais e do circuíto de sauna, duchas de contraste, etc..., no Balneario Compostela do concello de Brión. Irase durante 14 mércores consecutivos, comezando o día 19 de xaneiro. O prezo por día é de 9 euros, no que se inclúe a viaxe ida e volta no autocar, entrada ó balneario para facer uso das instalacións, préstamo das sandalias e toalla. Hai que levar gorro e recoméndase tamén levar unha toalla da casa para secarse despois. O número máximo por día é de 25 persoas, terán prioridade os que antes se inscriban. O prazo para inscribirse para cada semana remata o día anterior á viaxe. Poderanse pagar por adiantado as sesións que se queiran.

**\*EXCURSIÓN Á NEVE:** no mes de febreiro ou marzo organizarase a viaxe a estación de Leitariegos para esquiar. Realizaríase como o ano pasado, saíndo o

sábado de madrugada para esquiar o domingo e volver ó peche da estación, tamén sempre e cando haxa un mínimo neste caso de 25 persoas. Os interesados deberán inscribirse neste mes de xaneiro nas oficinas do concello para poder ir xestionando unha ou outra opción

\*\*\*\*\*

## *Feira*

\*Como ben sabedes a feira lévase a cabo o primeiro sábado de cada mes e esta de xaneiro coincidiría co sábado día 1, o día de aninovo. Despois de analízalo consideramos que, aínda que supón moito traballo, de forma excepcional deberíase cambiar e así o fixemos.

Polo tanto, a próxima feira será o **VENRES 31 DE DECEMBRO**, a partir deste día as feiras serán de novo o primeiro sábado de mes. Insistimos en que o cambio se levou a cabo despois de pensalo moito xa que ao mesmo tempo sabemos que é un erro andar modificando datas mais.

\*\*\*\*\*

## *Tempo de Lecer*

Coa chegada do Nadal facemos un pequeno descanso nas actividades do programa "**Tempo de lecer**". Comezaremos de novo o luns 10 de xaneiro.

\*\*\*\*\*

## *Servizos Sociais*

\* O teatro para adultos comezará a preparar unha nova obra de teatro para o mes de xaneiro. Nesta nova andaina gustaríanos contar coa presenza de novos actores e actrices, así que aqueles que lles guste o teatro e queiran participar nunha obra divertida e amena non dubiden en anotarse nos **Servizos Sociais do Concello**.

\*\*\*\*\*